



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 20 DE ABRIL DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte de abril de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Concelleiros non adscritos:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros, e a Sra. concelleira de EU-Son en Común, dona María Olga Santos López.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 20 de abril de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202304201030220000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PRONUNCIAMENTO DO PLENO RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DOS SEGUINTE ASUNTOS A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 95.2 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 00:00:29 horas

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da sesión e dos asuntos incluídos na orde do día, resultando aprobada por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

2. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO CONCELLEIRO DON JUAN MARÍA ABALO CASTEX SOLICITANDO O SEU PASO Á CONDICIÓ DE CONCELLEIRO NON ADSCRITO

Acceso á videoacta – 00:01:42 horas

A Presidencia dá conta do escrito presentado polo concelleiro D. Juan María Abalo Castex, rexistrado de entrada co núm. 202399900002124, o día 31 de marzo de 2023, no que comunica que solicitou a baixa no Partido Popular e, polo tanto, no grupo municipal que o representa na Corporación, e solicita continuar na Corporación como concelleiro non adscrito.

3. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLA CONCELLEIRA DONA MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL SOLICITANDO O SEU PASO Á CONDICIÓ DE CONCELLEIRA NON ADSCRITA

Acceso á videoacta – 00:01:52 horas

A Presidencia dá conta do escrito presentado pola concelleira D.^a María Jesús González Roel, rexistrado de entrada co núm. 202300000001755, o día 3 de abril de 2023, no que comunica que solicitou a baixa no Partido Popular e, polo tanto, no grupo municipal que o representa na Corporación, e solicita continuar na Corporación como concelleira non adscrita.

4. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓ DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, DA COMISIÓ ESPECIAL DE CONTAS E DA COMISIÓ ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS

Acceso á videoacta – 00:02:09 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2023 (CVD: RRn4ohX1vGJQR3rFRafb), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2019, acordou a creación das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico.
- Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade.
- Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social
- Comisión Especial de Contas.
- Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións.

En sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2023, o Pleno municipal modificou o acordo inicialmente adoptado unicamente no que á composición das ditas comisións se refire, isto como consecuencia do paso a concelleira non adscrita dunha concelleira do Grupo municipal Popular, e acordou que estarían integradas por 13 membros:

- Cinco (5) representantes do grupo municipal de UxC
- Tres (3) representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE
- Un (1) representante do grupo municipal do Partido Popular
- Un (1) representante do grupo municipal do BNG
- Un (1) representante do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- Un (1) representante do Grupo Mixto
- Unha (1) concelleira non adscrita

Visto que con data 31 de marzo de 2023, con rexistro de entrada núm. 202399900002124, o concelleiro don Juan María Abalo Castex presentou un escrito no que comunica que solicitou a baixa no Partido Popular, e polo tanto no grupo municipal que o representa na Corporación, e solicita continuar na Corporación como concelleiro non adscrito.

Visto que con data 3 de abril de 2023, con rexistro de entrada núm. 202300000001755, a concelleira dona María Jesús González Roel presentou un escrito no que comunica que solicitou a baixa no Partido Popular, e polo tanto no grupo municipal que o representa na Corporación, e solicita continuar na Corporación como concelleira non adscrita.

Visto que, segundo o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais que abandonen o seu grupo de procedencia terán a consideración de membros non adscritos.

Considerando que, á vista dos citados abandonos faise necesario modificar a composición das Comisións Informativas.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar a composición das Comisións Informativas Permanentes, a Comisión Especial de Contas e a Comisión Especial de Honores e Distincións, que quedarán integradas por 15 membros:

- Cinco (5) representantes do grupo municipal de UxC
- Tres (3) representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE
- Un (1) representante do grupo municipal do Partido Popular
- Un (1) representante do grupo municipal do BNG
- Un (1) representante do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- Un (1) representante do Grupo Mixto
- Tres (3) concelleiro/as non adscrito/as

Segundo.- Para todo o demais manterase en idénticos termos o acordo plenario adoptado con data 8 de xullo de 2019.”



Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria o asunto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), dos Sres.: Carballada Rodríguez e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2023 (CVD: RRn4ohX1vGJQR3rFRafb), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e trinta e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
O presidente
(*asinado dixitalmente*)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
(*asinado dixitalmente*)

Pilar María Pastor Novo